



RAZÓNS POLAS QUE O STEG SECUNDA A FOLGA XERAL DO 14N

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

O 14 de novembro, FOLGA XERAL

PARÉMOLOS!!

O STEG convoca Folga Xeral continuando coa súa loita contra as medidas impostas a golpe de decreto polo Goberno do PP e os negativos efectos que teñen sobre os traballadores e as traballadoras. A Reforma Laboral imposta a golpe de Decreto polo Goberno do PP, facendo uso e abuso da súa maioría absoluta no Parlamento, **supón o desmantelamento das garantías e os dereitos laborais**, cada vez máis mermados, que nos quedaban aos traballadores e as traballadoras tras a infinidade de reformas laborais que foron minando os dereitos e conquistas que logramos a través de anos e anos de loita social e sindical.

Recortaron dereitos básicos como educación, sanidade, prestacións sociais, axudas á dependencia, dereitos laborais, salarios, aumentaron o IVE... e todo iso, "porque non había cartos". Pero cartos si hai, o que pasa é que o malgastan: **inxectaron millóns de euros á Banca, decretaron amnistías fiscais para os grandes defraudadores, indultaron a os que foron condenados por corrupción sen esixirles devolver o que se levaron, non perseguiron o fraude fiscal...** En definitiva, cos cartos de todas e todos subvencionaron aos causantes da crise e para a maioría social meteron a tesoura aos nosos dereitos e ás prestacións que o Estado debía garantir.

RECORTES E CONTRARREFORMA EN EDUCACION. Os recortes supoñen un grave deterioro da calidade educativa e unha agresión sen precedentes cara aos dereitos das traballadoras e os traballadores do ensino: masificación nas aulas, recortes de persoais, precariedade laboral, redución de salarios, aumento das Taxas Universitarias, diminución de Bolsas, empeoramento das condicións laborais, desmantelamento dos servizos educativos públicos, redución á súa mínima expresión das ofertas de emprego público, **recortan as condicións salariais, laborais e sociais dos profesionais da educación.**

Rexeitamos a contrarreforma educativa por ser un proxecto imposto, por non

mellorar o ensino. **As modificacións que presenta empeorarán as condicións nas que o alumnado recibe as clases.** As consecuencias da súa aplicación serán desastrosas para a formación e a educación dos nosos mozos e para o conxunto da sociedade. Pretenden dinamitar os dereitos do profesorado, que poderá ser desprazado, cambiado de centro e localidade, poderase despedir ao profesorado interino e contratar sen respectar as listas ordenadas en función dos dereitos de cada funcionario ou funcionaria e fai saltar polo aire anos de loita para mellorar as condicións laborais do profesorado. Se infravalora ao profesorado ao retirarlle a capacidade de que coas súas avaliacións se obteñan os títulos académicos correspondentes aos estudos realizados. Achega novas e vellas fórmulas de privatización; conságrase a segregación, ao dar garantía de concertos aos centros privados que segregan ao alumnado en función do seu sexo. **É un ataque do goberno central á capacidade competencial en materia educativa das diferentes nacións e comunidades do Estado**, en especial o que se realiza ao uso da lingua propia como eixo vehicular do ensino en cada territorio.

RECORTES EN SANIDADE. Estes recortes sitúan en grave risco o sistema sanitario universal e gratuíto que tantos anos custou construír, reducindo os niveis de prestación e deteriorando as condicións laborais e salariais dos profesionais da sanidade: **eliminan a universalidade abrindo a porta á exclusión na atención sanitaria ás persoas máis desfavorecidas, deixando de ser a saúde un dereito para converterse nun privilexio;** establecen o re-pago sanitario en medicamentos, próteses e transporte sanitario non urxente; profundan na mercantilización da saúde e introducen un plus de sufrimento a quen de seu xa teñen que facer uso destas cuestións; modifican os criterios de xestión dos diferentes departamentos sanitarios, introducindo a iniciativa privada na xestión facilitando o camiño á privatización da sanidade; recortan os persoais en todas as áreas: hospitalarias, vixilancia da saúde, administrativas, auxiliares, etc.; recortan as condicións salariais, laborais e sociais dos profesionais da sanidade.

TAMÉN NO ÁMBITO DO TRANSPORTE PÚBLICO aprobaron numerosas medidas que **poñen en perigo o concepto do Transporte como dereito fundamental á mobilidade**, esquecendo a rendabilidade social dos diferentes modos de transporte



RAZÓNS POLAS QUE O STEG SECUNDA A FOLGA XERAL DO 14N

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

e obviando o fundamental papel de vertebrador territorial que ten que garantir o Goberno do Estado: liberalizan o Transporte de Viaxeiros por Ferrocarril favorecendo a chegada de operadores privados, pondo á súa disposición o patrimonio público ferroviario conseguido cos cartos de todos os cidadáns e cidadás; desmantelan as empresas públicas ferroviarias, dividíndoas en sociedades mercantís para polas a disposición dos mercados; favorecen a creación de redes de autoestradas de peaxe que condenan aos condutores e conductoras ao re-pago dunha infraestrutura construída con diñeiro público e establecen privilexios para o uso das infraestruturas en función da capacidade adquisitiva; privatizan aeroportos; recortan as condicións salariais, laborais e sociais dos profesionais do transporte.

NO ÁMBITO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS adoptaron medidas que supón unha **grave deterioración nos servizos públicos** que se prestan e nas condicións laborais, salariais e sociais das funcionarias e os funcionarios e o persoal laboral.

RECORTES NOS DEREITOS E LIBERDADES DO CONXUNTO DA CIDADANÍA. Aprobaron medidas legislativas que supón un **grave quebranto de dereitos e liberdades**: Recortan as prestacións por desemprego, soben o IVE, aumentan a presión fiscal modificando os gravames do IRPF, conxelan as pensións, modifican a Lei do aborto, recortan gravemente as axudas á dependencia, imponen taxas ao uso de determinados procedementos xudiciais, modifican a Lei de Enjuiciamiento Civil, criminalizan aos movementos sociais reformando o Código Penal.

CASTIGAN Á MAIORÍA SOCIAL. FAVORECEN AOS CAUSANTES DA CRISE. Con todo, paralelamente á aprobación de todas estas medidas viñéronse aprobando outras que **persegue favorecer precisamente a quen nos levaron á actual situación de crise**: inxectaron cantidades inxentes de diñeiro público aos bancos; amnistiaron aos defraudadores fiscais; mantiveron unha presión fiscal inxusta que non grava ás grandes fortunas e que permite situacións como a tributación do 1% das SICAV; non investigan, xulgan e condenan a quen coas súas actuacións especulativas e defraudadoras provocaron a actual situación de crise, nin a quen debían vixiar as actividades financeiras e bancarias e permitiron que o espolio se prolongase durante anos.

ESTAS REFORMAS NIN XERAN EMPREGO NIN SERVEN PARA SAÍR DA SÚA CRISE. Como xa puidemos comprobar, estas reformas non serviron para xerar emprego nin para mellorar as condicións de vida da cidadanía. **Son reformas encamiñadas a satisfacer os desexos dos capitais financeiros, destruindo os nosos dereitos e o noso emprego, empobrecendo á poboación e facéndonos retroceder décadas nos nosos dereitos sociais.** Esta reformas, como as anteriores, tampouco servirá nin para xerar emprego nin para frear as ansias da patronal e do mundo financeiro..

NON PODEMOS PERMITIR que o peso da crise recaia sobre as clases sociais máis débiles, polo que **esiximos a retirada inmediata das medidas adoptadas e un cambio radical nas políticas aplicadas ata o de agora** que se faga recaer o peso da saída da crise sobre aqueles que a xeraron.

ESTA FOLGA XERAL É UN PASO MÁIS nesa dirección, e facemos un chamamento ao conxunto aos traballadores e ás traballadoras e a toda a cidadanía, estudantes, pensionistas, parados, paradas... para que esta folga sexa un éxito, para que sexa unha folga laboral pero tamén cidadá e de consumo, mostrando así claramente ao Goberno o **REXEITAMENTO A ESTAS POLÍTICAS ANTISOCIAIS.**

NON TE CONFORMES!!

PARÉMOLOS!!

O 14-N SECUNDA A FOLGA XERAL!!